

28 SETEMBRO 2013 DIA INTERNACIONAL POLA DESPENALIZACIÓN DO ABORTO



**ABORTO LIBRE E GRATUÍTO
O MEU CORPO É MEU...
EU DECIDO**



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org

www.rojoynegro.info

28 DE SETEMBRO DÍA INTERNACIONAL POLA DESPENALIZACIÓN DO ABORTO

O Partido Popular está disposto a seguir coa súa proposta de cambiar a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva a finais de outubro. Anunciouno o ministro Gallardón, que tamén vai reformar o Código Penal.

Estannos a deixar sen dereito a vivir libremente en todos os ámbitos: laboral, familiar, social... e sexual.

Gallardón anunciou en varias ocasións que unha menor non pode abortar sen permiso paterno e que ía endurecer os supostos por danos físicos ou psíquicos á nai.

Este goberno quere converter o pouco que temos e que conseguimos tras anos de loita nunha das leis máis retrógradas de Europa. Non falan de formación, nin de prevención, temas pendentes e moi importantes.

A nivel de Sanidade xa reformaron o tema da reprodución asistida: as mulleres solteiras ou casadas con outras mulleres non teñen opción a inseminarse, has de estar casada cun home. Agora queren reformar a actual Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva. Paso a paso vemos como o PP vai moldeando a figura da muller española do século XXI: muller submisa, boa e cristiá. Como xa fixeron nos anos 60.

A CGT defende a liberdade das persoas en todos os sentidos. Non se pode discriminar a ninguén porque sexa homosexual ou porque queira ter un fillo ou unha filla sen casar.

Abortar é a última opción que lle queda á muller que non quere seguir co embarazo. É unha decisión persoal, ás veces compartida e sempre dolorosa. Pero é un dereito que temos as mulleres sobre o noso corpo: elixir a nosa maternidade libremente. Ninguén, nin a Igrexa que nos culpabiliza, nin o Estado que nos reprime debe obrigarnos a ter fillos por ser mulleres e porque consideran que esa é a nosa función.

Dende a CGT convocamos a todas as persoas que se sentan afectadas con estes recortes a que mostren a súa repulsa, xa non só contra a reforma da lei do aborto, senón tamén contra o seu modelo de familia e de sexualidade, monoparental, patriarcal e retrógrado, que lexítima a violencia cara as mulleres e os corpos das persoas sen recoñecer todas as formas de sexualidade posibles.

O 28 de setembro é o día pola despenalización do aborto. Cada día realízanse 55 mil abortos inseguros no mundo -o 95 por cento en países en vías de desenvolvemento- os cales son responsables dunha de cada oito mortes maternas.

Por un dereito a decidir libre de prexuízos e de convencións sociais, polo dereito a unha educación sexual.

Contra a represión dos corpos e das decisións das mulleres

ABORTO LIBRE E GRATUÍTO. O MEU CORPO É MEU, EU DECIDO